

2025

Catálogo Xeral



"Un día sen rir é un día perdido"

www.mocmoc.es
666911190 / 626195552
info@mocmoc.es



Moc Moc Espectáculos e Animación é unha compañía adicada á produción e distribución de espectáculos de diferentes campos das artes escénicas: circo, pasarrúas, clown, música, teatro, maxia, animación musical...

Foi creada a finais do 2018 por David Merelas "MeRe Clown" co fin de promocionar os seus propios espectáculos. Pouco a pouco foi colaborando con diversos artistas ofertando diferentes propostas culturais á vez que crean novas propostas conxuntas en mediano ou gran formato co nome da compañía "Moc Moc Producións"

ANIMACIÓN MUSICAL FAMILIAR CON CIRCO E CLOWN

MERE CLOWN

- DESTACADOS**
- Peque Disco Moc Moc
 - Peque Disco Moc Moc and remember temas 90-2000

PASARRÚAS / ITINERANTES ANIMACIÓN DE EVENTOS

MOC MOC PRODUCCIÓN

- DESTACADO**
- Circo de rúa Moc Moc

SEÑOR LILI

- DESTACADO**
- Lilicleta Discomóvil

GRUPO DE PERCUSIÓN / BATUKADA

CIRCO E CLOWN PEQUENO/MEDIANO FORMATO

MERE CLOWN

- IGUALDADE**
- Circo na casa
- DESTACADOS**
- MeRe-cidamente
 - Aparvaolimpiadas

CIA BEROA

- Bi Argui (lume)

ANDRESAWE

- DESTACADO**
- Fireshown Elderblót (lume)

JAVI MALABARES

- DESTACADOS**
- A fuego lento
 - Influencer

SANTIMBANQUI

- Directo ó corazón

THE SHESTERS

- La Chimba
- Pócimas Frick

CONCEDECLOWN

- Chala2

CIRCO E CLOWN MEDIANO/GRAN FORMATO

MOC MOC PRODUCCIÓN

- DESTACADO**
- Circo Moc Moc - gala de circo
 - Circo á feira (deseño de packs de espectáculos)
 - Cabaret de Nadal Moc Moc



"MeRe" David Merelas

Co-dirección, distribución,
producción, clown,
malabarista, animador
musical, contacontos e...
mal cantante

CONTACONTOS CON CIRCO E CLOWN

MERE CLOWN

- DESTACADO**
- A verdadeira historia de Hamelin
 - O axudante do Nadal

INFANTIL E CONTACONTOS

MERE CLOWN

- IGUALDADE**
- Os contos do avó, lengas e historias de Galicia
 - Os contos do avó, mulleres galegas

CARLOS SANTE

- Charlie, o inventor de palabras
- Obradoiro de Teatro en Familia

CONCEDECLOWN

- Contos, risas e rock and roll

MONICREQUES

JUSTE KAMISHIBAI

- IGUALDADE**
- O extraterrestre
 - As historias viaxeiras do Kamshibai
 - Os Nortis e os libros sen título
 - Kamishibai de Nadal
 - Non hai cousas de neno nin de nena, só de persoas

"Fanny" Estefanía García

Co-dirección, produción,
medioambiente, obradoiros
e...papeleos varios



MONÓLOGOS IMPRO / HUMOR

MOC MOC PRODUCCIÓN

- DESTACADO**
- Fagamos o humor (gala de stand up, monólogos, maxia cómica, circo)

TITO ROBER

- Vida e milagres do zume de laranxa

VÍCTOR GRANDE

- Imos poñernos serios

RESTOS DE STOCK

- Restos de stock – impro musical

SEÑOR LILI

- A Cinecleta – cine ambulante.

MÚSICA

CHEKAN

- Chekan Latin Rock

MEDIOAMBIENTE E CIENCIA

FANNY MEDIOAMBIENTE

- DESTACADO**
- Xogando a reciclar
 - Descubrindo o mundo coa microbioloxía

MAXIA CÓMICA

MAGO CHARLANGAS

- DESTACADO**
- Atemporal

MAGO CHARLY BRAUN

- IGUALDADE**
- A tola academia de maxia
 - O imposible (maxia de igualdade)

DANZA – BREAKDANCE

MOC MOC UMAMI DANCETHEATRE

- Agridulce



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

ANIMACIÓN MUSICAL FAMILIAR CON CIRCO E CLOWN





O NOSO ESPECTÁCULO
MÁIS CONTRATADO
con 81 representacións
no 2023 e 2024

Peque Disco Moc Moc de MeRe Clown

ANIMACIÓN
MUSICAL, CLOWN E
CIRCO

50'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Estabades agardando por unha gran festa e por fin chegou! Chega... PEQUE DISCO MOC MOC!!!

Con este espectáculo no que mesturamos música, circo e clown convertiremos nunha auténtica disco móbil infantil e familiar todo espazo ó que levemos este espectáculo.

Música, bailes, circo e humor nunha velada chea de sorpresas na que o DJ MeRe Clown fará gozar a nenos, nenas e maiores coa mellor música infantil, rock, hip hop, techno... ¡YES BABY!

Todo iso aderezado cun equipo de iluminación disco, máquina de fume, pompas de xabón, confeti, malabares con lume ou luz e sobre todo moito humor

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Ya estuvimos convosco? repetimos?
Temos máis sesións diferentes dispoñibles!
Máis temazos, máis circo... A MESMA FESTA.



Peque Disco Moc Moc and remember temazos 90-2000 de MeRe Clown

ANIMACIÓN MUSICAL,
CLOWN E CIRCO

DURACIÓN APROX:
DE 1h 45' A 2 h

INFANTIL E FAMILIAR

INTERIOR E EXTERIOR

ESTA É A NOSA VERSIÓN ESTENDIDA DE PEQUE DISCO MOC MOC, PENSADA ESPECIALMENTE PARA QUE NAIS E PAIS BAILEN E DESFRUTEN EN FAMILIA COS PEQUES ESES MÍTICOS TEMAZOS DOS ANOS 90 E 2000!

Estabades agardando por unha gran festa e por fin chegou! Chega... PEQUE DISCO MOC MOC AND REMEMBER TEMAZOS 90-2000!!!

Con este espectáculo no que mesturamos música, circo e clown convertiremos nunha auténtica disco móbil infantil e familiar todo espazo ó que cheguemos.

Música, bailes, circo e humor nunha velada chea de sorpresas na que o DJ MeRe Clown fará gozar a nenos, nenas e maiores coa mellor música infantil, rock, hip hop, techno... ¡YES BABY!

Todo iso aderezado cun equipo de iluminación disco, máquina de fume, pompas de xabón, confeti, malabares con lume ou luz e sobre todo moito humor

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Ya estuvimos convosco? repetimos?
Temos máis sesións diferentes dispoñibles!
Máis temazos, máis circo... A MESMA FESTA.

PASARRÚAS ITINERANTES ANIMACIÓN DE EVENTOS





Circo de rúa Moc Moc - Pasarrúas de Moc Moc Producións

PASARRÚAS /
ANIMACIÓN DE EVENTOS

90'
(duración axustable según
necesidades)

TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR

Espectáculo interactivo e itinerante, tipo pasarrúas ou para un recinto interior.

Zancudos, clowns, malabaristas, acróbatas, lume, luces, pompas de xabón e música encherán de ledicia todo tipo de evento interactuando directamente cos asistentes e montando unha auténtica festa.

Para rematar realizaremos un mini cabaret con animación musical, números de circo e malabares con lume

Como complemento musical contaremos coa nosa Lilicleta discomóbil con equipo de son autónomo, speaker, decoración para a ocasión, luces, pompas de xabón...

+INFO
WEB

VER
VÍDEO

VER VÍDEO
VERSIÓN
NOITE



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



90' (axustable según necesidades)

INTERIOR E EXTERIOR

Unha gran elección para animar pasarrúas ou eventos en recintos pechados, feiras modernistas, festas populares, eventos deportivos, nadal, entroido, dinamización de hostelería e comercio, etc

**VER
VÍDEO**



8

Grupo de percusión batukada

PASARRÚAS / ANIMACIÓN
DE EVENTOS

90' (axustable según
necesidades)

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Dispoñemos de diferentes grupos de percusión para dinamizar a través de ritmos afrobrasileiros, danza, acompañamento de artistas circenses ou desfiles en pasarrúas ou animación de eventos.

Unha animación con espectáculo de son, e posibilidade de luz, totalmente festeira para a ledicia de pequenos e maiores.

WEB
PRÓXIMAMENTE



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

CIRCO E CLOWN





Circo na casa

(circo e clown de igualdade)
de MeRe Clown

CIRCO E CLOWN DE
IGUALDADE DE
XÉNERO

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR

Un espectáculo en prol da igualdade que busca concienciar sobre a importancia de colaborar nas tarefas domésticas a través do xogo e a imaxinación

Para este clown os roles entre homes e mulleres non están marcados. As tarefas domésticas din que hai que repartilas e non son aburridas en absoluto, pero... son tan doadas como parecen?

Con moitas torpezas, humor e malabares ou equilibrios con “ cousas de andar por casa ” seguro que este circo ten arranxo!

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **“Moc Moc Espectáculos e Animación”** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Mere-cidamente

de MeRe Clown

CIRCO E CLOWN

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Un torpe artista itinerante fai a súa tola entrada na vila. Todo vai a peor cando o seu axudante non aparece. Erros, triunfos frustrados, material improvisado para sacar adiante o espectáculo: unha vasoira que cobra vida, un monstro no medio do público con chapuzón na auga incluído... e ó final resulta que o espectáculo non era nesa vila!

Clown, malabares, equilibrios e lume son o resultado dun espectáculo no que prima a participación e interacción co público no que este devandito personaxe terá que amañarse para saír victorioso e bulir a fume de carozo para a vila correcta.

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Aparvaolimpiadas de MeRe Clown

CLOWN

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR

Un amago de atleta polipatético verase involucrado en multitude de problemas para lograr a ansiada medalla olímpica. A cerimonia de apertura remata sendo un desastre, tenta acadar o éxito nos deportes máis coñecidos e o único que logra é o fracaso máis absoluto. Logrará acadar a ansiada medalla?

Clown, mimo, pantomima e slapstick mestúranse neste tolo espectáculo no que o seu protagonista sae dun problema para entrar noutro e para rematar coa vitoria máis ridícula xamáis vista na historia.

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 380 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB

VER
VÍDEO

DENTRO DAS REDES SUBVENCIONADAS

Rede cultural da deputación da Coruña,
RGTA, Cultura no camiño, REAOU.



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es





Novidade

Bi Argui (lume)

de Cía Beroa

CIRCO DE LUME
(malabares, danza e acrobacia)

35'

TÓDOLOS PÚBLICOS
EXTERIOR

Un espectáculo de circo e danza que utiliza o lume coma principal elemento xunto coa música e unha escenografía de lume que logran transportar ó espectador a outro tempo e lugar.

BI ARGUI, traducido coma “dúas luces” simboliza a parella e o resplandor do lume.

Antorchas, palms, coronas de lume, dragón staff, bastóns de lume, abanos, contact, danza, acrobacia, malabares, pirotecnia e escupelumes dan forma a este espectáculo ritual.

Cía Beroa é unha compañía creada no ano 2023. A finais do 2024 crean o seu primeiro espectáculo BI ARGUI.

Andrés Jerez é un artista burgalés formado en Inglaterra en disciplinas coma o circo, acrobacia, teatro ou parkour que centra o lume como principal elemento nas súas actuacións. Dende o 2017 realiza diferentes performances a nivel nacional e internacional como Irlanda, Francia ou Portugal.

Oziel Satrústegui é unha bailarina formada en danza contemporánea que formou parte de diferentes proxectos en España e Portugal. Combina os seus coñecementos de danza cos malabares de lume.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es





Fireshow Elderblót (lume)

de AndreSawe

CIRCO DE LUME
(malabares e danza)

35'

TÓDOLOS PÚBLICOS
EXTERIOR

Un espectáculo de circo e danza baseado nun antigo ritual vikingo de lume utilizándoo como principal elemento e, apoiado na música e na ambientación, logran transportar ó público a outro tempo e lugar.

Bastóns de lume, dragon staff, escupe lume, bola de contacto, buugens, comba de lume, pepeteros e pirotecnia traerannos o calor nórdico.

Andrés Jerez é un artista burgalés formado en Inglaterra en disciplinas coma o circo, acrobacia, teatro ou parkour que centra o lume como principal elemento nas súas actuacións.

Dende o 2017 realiza diferentes performances a nivel nacional e internacional como Irlanda, Francia ou Portugal.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



A fuego lento de Javi Malabares

CIRCO E HUMOR

45'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Javi malabares amosa a súa receita para un espectáculo misturando humor e malabares nunhas proporción que xeran abraio, gozo e ledicia a partes iguais.

Os seus utensilios son o seu bo humor, malabares con lume, mazas, equilibrios cunha Barbie, cóitelos, diábolos, devil stick, xogo e participación do público e ata malabares cunha motoserra.

Javier Alonso, malabarista e titulado en Maxisterio Infantil, leva toda unha vida adicada ó mundo dos malabares e o teatro de rúa, participando en numerosos festivais nacionais e internacionais

Premios acadados

-1º premio VI Festival "Va de calle" 2013. Tafalla, Navarra / 2º premio Festival Diviértete 2017. Villar del Rey, Badajoz / 1º premio concurso Artistas de rúa Aranda del Duero 2011 / 1º premio concurso Artistas Urbanos Trespaderne 2018. Burgos

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Influencer

de Javi Malabares

CIRCO E HUMOR

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Un antigo malabarista perdido nun mundo novo, unha filosofía de vida, un posturoo...

Influencer, comunicador, animal social, líder de opinión, celébrity, gurú, coach... un perfecto idiota ó que non hai tendencia nin trending topic que se lle escape.

O seu smartphone é o seu fiel compañeiro, o seu aliado, o seu amor e realmente non podería sobrevivir sen él.

Javier Alonso, malabarista e titulado en Maxisterio Infantil, leva toda unha vida adicada ó mundo dos malabares e o teatro de rúa, participando en numerosos festivais nacionais e internacionais

Premios acadados

-1º premio VI Festival "Va de calle" 2013. Tafalla, Navarra / 2º premio Festival Diviértete 2017. Villar del Rey, Badajoz / 1º premio concurso Artistas de rúa Aranda del Duero 2011 / 1º premio concurso Artistas Urbanos Trespaderne 2018. Burgos

+INFO
WEB

VER
VÍDEO





Directo ó corazón de Santimbanqui

CIRCO E HUMOR

45'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Monociclo xigante, mazas, pelotas, lume, coitelos, un paraugas, equilibrio e enerxía delirante son as claves deste show que xa deu a volta ó mundo.

Un agudo sentido da oportunidade permítelle detectar o momento xusto para detonar gargalladas. A improvisación e o humor son as claves coas que nos abre as portas ó seu máxico universo de xogos e moito ritmo.

Santimbanqui é un neno con corpo de adulto que non detén a súa marcha con tal de divertir a públicos de tódalas idades. A súa gran destreza e espontaneidade combínanse co clown e os malabares.

Santiago Garrido Noveri adícase ás artes circenses e teatrais dende hai máis de 20 anos. Artista nómade, sempre en movemento e crecemento, conta con actuación en diferentes zonas do mundo coma Argentina, Xapón ou Italia e diversos premios en festivais nacionais

+INFO
WEB

VER
VÍDEO





La Chimba de The Shesters

CIRCO E HUMOR

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Xenial, iso significa “La Chimba”. E non hai mellor forma para referirse a este espectáculo libre e descarado onde grazas ós malabares, equilibrios, diferentes tipo de monociclos, antipodismos (malabares cos pés) e humor pasemos unha xornada “Chimba”.

THE SHESTER'S son unha compañía Vallisoletana formada por Manoela (Brasil) e Nebur Frick (Cidade Real).

Premios acadados

Kultur auf der strasse. 2019. Alemaña / Primeiro premio X Certame artistas de rúa Aranda del Duero. 2019 / Gañadores de Talent Madrid na categoría circo 2014 / Primeiro premio Festival Diviértete / Segundo premio Festival Callejarte / Segundo premio Trebufestival / Primeiro premio sección off no TAC de Valladolid

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Pócimas Frick

de The Shesters
(con lanzamiento de coiteiros)

CIRCO E HUMOR

LANZAMIENTO DE
COITELOS

50'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

O Dr Frick é un charlatán capaz de vender á súa propia avoa, ten a solución a todo e é quén de sanar calquera doenza, en especial o aburrimiento.

Pócimas Frick é o negocio co que mostra os increíbles efectos que os seus produtos poden facer e o espazo onde contar as súas aventuras.

Lanzamento de coiteiros, monociclo, circo e humor son os utensilios deste personaxe.

THE SHESTER'S son unha compañía Vallisoletana formada por Manoela (Brasil) e Nebur Frick (Cidade Real).

Premios acadados

Kultur auf der strasse. 2019. Alemaña / Primeiro premio X Certame artistas de rúa Aranda del Duero. 2019 / Gañadores de Talent Madrid na categoría circo 2014 / Primeiro premio Festival Diviértete / Segundo premio Festival Callejarte / Segundo premio Trebufestival / Primeiro premio sección off no TAC de Valladolid

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

CHALA2

de Concedec clown

CLOWN

60'

INFANTIL E FAMILIAR

INTERIOR E EXTERIOR

Dous divertidos personaxes aparecen en escena como grandes artistas, atreveranse a facer un espectáculo amosando as súas peculiares habilidades rozando a delgada liña entre o ridículo e o éxito para volverse totalmente CHALA2.

"Concedec clown" foi fundado en Febreiro do 2010 por Chema López e Nuria Robles, ambos alumnos e posteriormente Mestres da Escola de Arte Dramático de León, e o seu traballo vai enfocado cara o humor; buscar a risa no espectador é o seu principal obxectivo.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO





Circo Moc Moc - Gala de circo

de Moc Moc Produccións

CIRCO E HUMOR

90'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Diferentes artistas circenses deleitarannos ó longo de aproximadamente unha hora e media con números de clown, malabares, equilibrios, acrobacias aéreas, lume e moita interacción co público.

A Gala de circo Moc Moc é un espectáculo familiar, único e irrepetible, confeccionado especialmente para cada ocasión, que fará vibrar a todo o público coa maxia do circo e das artes escénicas.

Adaptable tanto a interior como a exterior

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Circo á feira Moc Moc

de Moc Moc Producións

CIRCO, CLOWN,
MAXIA, MÚSICA,
CONTACONTOS,
DANZA...

TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR

Dende Moc Moc Producións confeccionamos unha produción propia para dar forma a unha programación intensiva con varios espectáculos de diferentes ramas das artes escénicas: circo, clown, malabares, acrobacia, aéreos, contacontos, maxia, música, pasarrúas, monicreques e moito máis

Adaptable tanto a interior como a exterior e a todo tipo de público.

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Novidade

Cabaret de Nadal Moc Moc

de Moc Moc Produções

ANIMACIÓN
MUSICAL DE NADAL,
CIRCO, MAXIA,
CONTACONTOS...

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Deseñamos una programación de variedades para público familiar, ou infantil, para animar as datas do Nadal no que podemos misturar: animación musical, maxia, circo, contacontos e moito máis.

Adaptable a interior e exterior e a todo tipo de público

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

fannygcmioambiente@gmail.com

MEDIOAMBIENTE E CIENCIA





Xogando a reciclar

de Fanny Medioambiente
(teatro cómico sobre reciclaxe e medioambiente)

TEATRO CÓMICO E
DIDÁCTICO SOBRE
RECICLAXE

45'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Reciclaxe, humor, medio ambiente, espectáculo, lixo, participación do público...

Neste espectáculo didáctico, en chave de humor, clasificaremos todos estes xéneros no seu correspondente contedor para obter unha forma diferente, e sobre todo divertida, de aprender a importancia da reciclaxe.

Unha experta en reciclaxe terá que ensinarlle ó seu novo e torpe axudante tódolos segredos da separación de residuos e para iso contará coa axuda do público.

Estefanía García é "Fanny Medioambiente", licenciada en bioloxía e técnica superior en educación e control medioambiental, e busca a través das súas actividades concienciar sobre a importancia de respectar a natureza dunha forma amena e diferente.

Dende o ano 2023 é co-directora e responsable das actividades medioambientais de "Moc Moc Espectáculos e Animación"

+INFO
WEB

VER VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

fannygcmedioambiente@gmail.com



Descubriendo o mundo coa microbioloxía

de Fanny Medioambiente

OBRADOIRO
CIENTÍFICO

60'

5-14 ANOS
INTERIOR

Nº participantes: consultar

Que hai nun charco? Por que as plantas son verdes? Por que a algúns o pole ou o pelo dos animais nos da alerxia? Que é unha célula e por que as temos todos os seres vivos?

Todas estas preguntas e moitas máis pódense contestar con 4 cousas: un microscopio, un pouco de auga, un anaco de cristal e moita, moita curiosidade.

Un obradoiro dirixido a todos eses pequenos ós que lles interesa todo o que lles rodea, incluso aquilo que non poden ver, pero que a súa gran mente científica lles di que está aí, adaptado para que o poidan entender dunha forma sinxela e divertida, e poidan dar os seus primeiros pasos no interesante mundo da microbioloxía.

Estefanía García é "Fanny Medioambiente", licenciada en bioloxía e técnica superior en educación e control medioambiental, e busca a través das súas actividades concienciar sobre a importancia de respectar a natureza dunha forma amena e diferente.

Dende o ano 2023 é co-directora e responsable das actividades medioambientais de "Moc Moc Espectáculos e Animación"

+INFO
WEB




www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

fannygcmmedioambiente@gmail.com



MAXIA



Atemporal

de Mago Charlangas

MAXIA CÓMICA

60'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

O Mago Charlangas invítanos a viaxar a través do tempo co seu espectáculo Atemporal, onde a maxia e o teatro mestúranse creando unha historia na que navegaremos pola nosa imaxinación.

Coñeceremos a un científico tolo e os seus incríbles experimentos para adentrarnos nunha viaxe co Pirata Barbanegra na busca de máxicos tesouros.

Un número de ilusionismo co que gozaremos de xogos con cartas, bolas, moedas, billetes e máis sorpresas que nos farán pasar unha leda xornada chea de maxia.

Víctor González García-Echave é un ilusionista con ampla experiencia sobre os escenarios. Grazas á súa polivalencia combina diferentes disciplinas artísticas como clown, malabares, música ou globoflexia para acadar unha experiencia inesquecible nos seus espectáculos.

**+INFO
WEB**

**VER
VÍDEO**



Novidade

A tola academia de maxia

de Mago Charly Braun

MAXIA CÓMICA

60'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

A tola academia de maxia de Charly Braun é un show moi tolo con Charly reclutando novos alumnos e alumnas para a maior e máis tola academia de maxia do mundo.

Un espectáculo moi dinámico onde o público de calquera idade poderá participar e rír con él.

Carlos Romero é un mago cómico que comezou a actuar no 2008 por toda a xeografía española.

De orixe andalúz chegou a Galicia no 2014 e dende entón leva a súa maxia e humor por toda esta terra.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO





Novidade

O imposible (maxia de igualdade)

de Mago Charly Braun
(coa colaboración da maga Gema Pérez)

MAXIA CÓMICA

60'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

A través do humor e da maxia amosaremos que calquera persoa pode lograr todo o que se propoña.

Mulleres abríndose paso nun “mundo de homes”: Marie Curie, Frida Kahlo, Rosa Parks e, como non, a súa propia nai.

Maxia, charlas e comprensión en prol da igualdade

Carlos Romero é un mago cómico que comezou a actuar no 2008 por toda a xeografía española.

De orixe andalúz chegou a Galicia no 2014 e dende entón leva a súa maxia e humor por toda esta terra.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

DANZA - BREAKDANCE





Agridulce de Umami Dancetheatre

**BREAKDANCE /
COMEDIA FÍSICA**

50'

**TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR**

Unha trepidante aventura con dous divertidísimas personaxes, contada a través de varias historias ligadas sen descanso que non vos deixarán nin pestanexar.

Nada coma o que probaras antes, este dúo de danza de rúa crea números clásicos con toques contemporáneos nunha surrealista mestura de breakdance, teatro, pantomima e comedia física nutríndose do público como enlace dentro da historia.

A compañía Umami Dancetheatre foi fundada en 2013 por Gustavo Hoyos (España) e Jerome Leperlier (Francia). Ambos son bailaríns de breakdance que engaden un gran carácter cómico ás súas actuacións.

Dende a súa fundación actuaron en diversos festivais nacionais e internacionais como en Dubai, Portugal, Suíza, Inglaterra, Noruega, Irlanda, Austria, Polonia, Luxemburgo, Letonia, Alemaña, Italia, Brasil, Liechtenstein, Chequia ou Eslovaquia.

Entre outros contan con primeiros premios en festivais de Murcia, Alcobendas, Navarra, Palencia, Zaragoza, Italia ou Eslovaquia

**+INFO
WEB**

**VER
VÍDEO**



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

INFANTIL
CONTACONTOS
MONICREQUES
1ª INFANCIA





Máis de 160
representacións
dende o 2019

A verdadeira historia de Hamelín de MeRe Clown

CONTACONTOS
CIRCENSE
(con clown, malabares e
equilibrios)

45'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Bromas sen fin, participación do público e humor, moito humor son as chaves desta adaptación circense do clásico conto “O frutista de Hamelín” no que descubriremos o que sucedeu en realidade. A través do clown, os malabares, o xogo e a participación do público contaranos unha persoa presente alí mesmo como a aldea de Hamelín foi tomada por unha praga de raros seres que molestan e fan imposible a vida dos seus habitantes.

Xa coñeces a historia que querían facervos saber... é hora de coñecer “A verdadeira historia de Hamelín”.

David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións**

A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **“Moc Moc Espectáculos e Animación”** do cal é fundador e co-director.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

O axudante do Nadal de MeRe Clown

CONTACONTOS
CIRCENSE
(con clown, malabares e
equilibrios)

45'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Se xuntamos o Nadal, os malabares, os equilibrios, a interacción constante co público, a Papá Noel, os Reis Magos e o Apalpador e os xuntamos todos nun saco de agasallos xunto a un elfo dos máis pallasos, torpes e rebeldes o resultado é este tolo contacontos circense no que transmitiremos a importancia e o beneficio de compartir cos demais.”.

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 450 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **“Moc Moc Espectáculos e Animación”** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB



Os contos do avó, lendas e historias de Galicia

de MeRe Clown

NARRACIÓN ORAL E
HUMOR

40'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

Paixón pola nosa terra, a nosa xente e en especial os nosos cativos. Iso é o que sente este adorable avoiño ó transmitir de boca en boca, como se facía antano, as máis incríbles lendas e historias que brotan da nosa terra galega.

De norte a sur, de leste a oeste a súa maleta repleta de agarimo acompañan ó seu caldeiro de bo humor para arrincar un sorriso cheo de bondade.

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 380 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Novidade

Os contos do avó, mulleres galegas

de MeRe Clown

NARRACIÓN ORAL E
HUMOR

40'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

O noso avoiño viaxeiro continúa a amosar ledicia e humor para achegarnos algunhas das máis apaixonantes historias sobre mulleres da nosa terra galega. Uns relatos repletos de fervor, forza, coraxe e coma sempre moito humor.

*David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. **Dende o ano 2018 realizou máis de 380 actuacións***

*A finais do ano 2018 comeza un novo proxecto persoal creando a distribuidora de espectáculos **"Moc Moc Espectáculos e Animación"** do cal é fundador e co-director.*

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Charlie o inventor de palabras

de Carlos Sante

TEATRO, IMPRO E
CLOWN

45'

INFANTIL
(a partir de 6 anos)

INTERIOR E EXTERIOR

Charlie é un personaxe extrovertido e moi especial. Coa axuda do público creará palabras novas para logo representar con eles o seu significado en escena, creando pequenas dramatizacións guiadas e facendo que o espectáculo sexa en todo momento participativo e moi divertido coa axuda de técnicas coma o clown ou a impro para fomentar a súa creatividade e imaxinación.

Axudas a Charlie a crear un diccionario de palabras inventadas?

Carlos Sante, actor profesional en campos como o teatro, o clown, a dobraxe, o cine ou a televisión (encarnou a famosa vella "Carmiña" en "Carmen, Gelines e D. José" do trío San&saN no programa Luar durante cinco temporadas e series como O Faro, Padre Casares, Matalobos, Serramoura, Fariña..). Fundador da A.C. Manicómicos na Coruña, onde imparte cursos de clown regularmente, aparte de coordinar multitude de proxectos teatrais como o seu Festival Manicómicos. Impulsor da escola Hangar Manicómico.

+INFO
WEB

VÍDEO
PRÓXIMAM
ENTE

"Charlie,
o inventor
de palabras"

Axudádesme a crear
un diccionario
de palabras inventadas?



Obradoiro de teatro en familia

de Carlos Sante

OBRADOIRO
CREATIVO

60'

A partir de 6 anos
INTERIOR

Obradoiro de "Teatro en familia", unha divertida ocasión para ser creativos en familia a través das artes escénicas. Impartido polo actor profesional e formador Carlos Sante.

Nesta sesión intensiva traballaremos dun xeito lúdico un achegamento aos principios fundamentais do teatro en familia: expresión corporal, dispoñibilidade para xogar creativamente, acción-reacción, ritmo, tempo, niveis de enerxía, estados emocionais, relacións... Unha oportunidade fantástica para ser máis familia aínda a través do teatro.

Carlos Sante, actor profesional en campos como o teatro, o clown, a dobraxe, o cine ou a televisión (encarnou a famosa vella "Carmiña" en "Carmen, Gelines e D. José" do trío San&saN no programa Luar durante cinco temporadas e series como O Faro, Padre Casares, Matalobos, Serramoura, Fariña..). Fundador da A.C. Manicómicos na Coruña, onde imparte cursos de clown regularmente, aparte de coordinar multitude de proxectos teatrais como o seu Festival Manicómicos. Impulsor da escola Hangar Manicómico.

+INFO
WEB



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Contos, risas e rock and roll de Concedecrown

CONTACONTOS
CLOWN

50'

INFANTIL E FAMILIAR
INTERIOR E EXTERIOR

O que a priori parece unha fantástica e divertida velada de contos tradicionais pode converterse, se ninguén o remedia, nunha auténtica traxedia; menos mal que entre o público, un escandaloso e animado rockeiro sae voluntario para que o espectáculo poida continuar.

O que sucede a continuación, mellor nin imaxinalo, iso si, todo mesturado cun pouco de **"Contos, Risas e Rock and Roll"**.

"Concedecrown" foi fundado en Febreiro do 2010 por Chema López e Nuria Robles, ambos alumnos e posteriormente Mestres da Escola de Arte Dramático de León, e o seu traballo vai enfocado cara o humor; buscar a risa no espectador é o seu principal obxectivo.

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



Novidade

O extraterrestre

de Juste Kamishibai

MONICREQUES
TEATRO DE PAPEL

40'

INFANTIL
INTERIOR E EXTERIOR

Unha historia con mensaxes e ensinanzas sobre a amizade, a tolerancia, o respecto, a igualdade e a xenerosidade.

Unha montaxe de teatro de papel pop-up, kamishibai e Emakis de papel na que se conta a historia dun extraterrestre moi peculiar que viaxa por varios planetas coñecendo moitos outros alieníxenas moi diferentes, pero cos que descubrirá que ten algo en común.

Kamishibai é unha palabra xaponesa que significa teatro de papel. A través desta premisa Juan Juste presenta un proxecto vivo e dinámico baseándose na creatividade e a pedagogía co obxectivo de tentar difundir valores fundamentais para os nenos e nenas

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



As historias viaxeiras do Kamishibai

de Juste Kamishibai

MONICREQUES
TEATRO DE PAPEL

40'

INFANTIL
INTERIOR E EXTERIOR

Fomentando valores e concienciación medioambiental, cooperación, igualdade, creatividade e interese pola lectura este teatro de papel interpretará contos e lendas de todos os continentes.

Kamishibai é unha palabra xaponesa que significa teatro de papel. A través desta premisa Juan Juste presenta un proxecto vivo e dinámico baseándose na creatividade e a pedagogía co obxectivo de tentar difundir valores fundamentais para os nenos e nenas

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



Os Nortis e os libros sen título

de Juste Kamishibai

MONICREQUES
TEATRO DE PAPEL

40'

INFANTIL
INTERIOR E EXTERIOR

Os Nortis son uns personaxes que viven na dimensión da creatividade e, a través dos libros, axúdannos a alimentar a nosa imaxinación.

Viaxaremos canda eles entre libros de cartón dos que xorden despregables, mecanismos móbiles e xogos de contraluz con imaxes.

Kamishibai é unha palabra xaponesa que significa teatro de papel. A través desta premisa Juan Juste presenta un proxecto vivo e dinámico baseándose na creatividade e a pedagogía co obxectivo de tentar difundir valores fundamentais para os nenos e nenas

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Kamishibai de Nadal

de Juste Kamishibai

MONICREQUES
TEATRO DE PAPEL

40'

INFANTIL
INTERIOR E EXTERIOR

Unha viaxe por culturas e países que viven o Nadal. Nárranse contos tradicionais de diferentes zonas do mundo, onde o nadal é o motivo principal. A narrativa prodúcese a través de aparellos tradicionais xaponeses, como o kamishibai e o emakis, acompañado da técnica contemporánea de teatro e marionetas de papel. Descubrimos que o nadal une a todos os países co mesmo espírito de compartir e celebrar.

Kamishibai é unha palabra xaponesa que significa teatro de papel. A través desta premisa Juan Juste presenta un proxecto vivo e dinámico baseándose na creatividade e a pedagogía co obxectivo de tentar difundir valores fundamentais para os nenos e nenas

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es





Non hai cousas de neno nin de nena, só de persoas

de Juste Kamishibai

MONICREQUES
TEATRO DE PAPEL

40'

INFANTIL
INTERIOR E EXTERIOR

Grazas á nosa fada Menta, personaxe do "Libro das emocións para nenas e nenos", representaremos contos e narracións para educar na igualdade e na diversidade coa técnica do Kamishibai, teatro de papel xaponés.

Montaxe para nenos, nenas, pais, nais e educadoras en xeral no que traballaremos a intelixencia emocional, tanto para comprender ó demáis e relacionarse con eles, como para mirar dentro de un mesmo e aprender a coñecerse.

Kamishibai é unha palabra xaponesa que significa teatro de papel. A través desta premisa Juan Juste presenta un proxecto vivo e dinámico baseándose na creatividade e a pedagogía co obxectivo de tentar difundir valores fundamentais para os nenos e nenas

+INFO
WEB

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Novidade

Universo finito

de Javi Malabares

**MALABARES PRIMEIRA
INFANCIA**

**ENTRE 15' E 25' SEGÚN
AS IDADES**

0 – 6 ANOS

INTERIOR

**MÁXIMO 30
ESPECTADORES/SESIÓN**

Unha fascinante viaxe a través do sistema solar acompañando a un astronauta no seu soño galáctico. Aqueles que se atrevan a embarcarse nesta aventura descubrirán as habilidades máis secretas deste viaxeiro especial e espacial.

Os planetas, a lúa ou nebulosas de cores serán os escenarios do espectáculo cósmico.

Imprescindible nesta viaxe: soñar, voar, xogar... Desfrutar

Bola de contact de luz, malabares, diábolo, panos de malabares e equilibrios con planetas

Javier Alonso, malabarista e titulado en Maxisterio Infantil, leva toda unha vida adicada ó mundo dos malabares e o teatro de rúa, participando en numerosos festivais nacionais e internacionais.

Premios acadados

-1º premio VI Festival “Va de calle” 2013. Tafalla, Navarra / 2º premio Festival Diviértete 2017. Villar del Rey, Badajoz / 1º premio concurso Artistas de rúa Aranda del Duero 2011 / 1º premio concurso Artistas Urbanos Trespaderne 2018. Burgos

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



Novidade

Relaxing malabares

de Javi Malabares

MALABARES PRIMEIRA
INFANCIA

ENTRE 15' E 25' SEGÚN
AS IDADES

0 – 6 ANOS

INTERIOR

MÁXIMO 30
ESPECTADORES/SESIÓN

1ª PARTE: espectáculo entre 15 e 25 minutos según las edades

2ª PARTE: manipulación e descubrimento por parte dos nenos e nenas dos elementos utilizados no espectáculo

Un espectáculo dirixido á primeira infancia no que presentamos rutinas escollidas para a etapa de desenrolo na que se atopa este público tan exixente.

Os malabares, a música e a danza que constrúen o espectáculo xeran unha atmosfera tranquila e relaxante.

Bola de contact de cristal, paus de luz, bolas de malabares, diábolo, bolsas e panos.

Javier Alonso, malabarista e titulado en Maxisterio Infantil, leva toda unha vida adicada ó mundo dos malabares e o teatro de rúa, participando en numerosos festivais nacionais e internacionais.

Premios acadados

-1º premio VI Festival “Va de calle” 2013. Tafalla, Navarra / 2º premio Festival Diviértete 2017. Villar del Rey, Badajoz / 1º premio concurso Artistas de rúa Aranda del Duero 2011 / 1º premio concurso Artistas Urbanos Trespaderne 2018. Burgos

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER
VÍDEO



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



MONÓLOGOS E ADULTOS





Novidade

Fagamos o humor

(gala de stand up, monólogos, maxia cómica, circo)
de Moc Moc Produccións

**MONÓLOGO, CLOWN,
MAXIA CÓMICA**

80'

PÚBLICO ADULTO
(dispoñible versión adaptable
a tódolos públicos)

INTERIOR E EXTERIOR

A nosa Gala do Humor é un espectáculo resultado dunha fusión de monologuistas, stand up, clown, maxia cómica e circo. O noso mestre de cerimonia presentará e guiará ó público durante as actuacións dos nosos catro artistas durante aproximadamente 80 minutos cheos de gargalladas.

Unha velada apta para toda a familia, ou adaptándose a unha versión máis “canalla” para público adulto según as necesidades de contratación.

Carlos Sante (actor, presentador e clown) é o presentador desta gala na que participan:

MeRe Clown (clown e malabarista)

Víctor Grande (monologuista)

Mago Charlangas (maxia cómica)

Tito Rober (monologuista)

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VIDEO
PRÓXIMA
MENTE



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es



50



Vida e milagres do zume de laranxa

de Tito Rober

MONÓLOGO

60'

A PARTIR DE 16 ANOS

INTERIOR E EXTERIOR

Retranca galega posta na pel dun personaxe ó que lle pasan un cento de cousas, analiza a realidade actual e, como non, fala das relacións de parella.

Este monólogo de Tito Rober trata sobre as súas vivencias como rapaz Ourensán dende a súa infancia ata a actualidade e a influencia do zume en tódalas etapas transcendentais na vida dun home, contando sempre co apoio dunha nai incondicional preocupada polas vitaminas.

Roberto Pérez é Tito Rober, un experimentado cómico, monologuista e improvisador. Comezou como monologuista no ano 2012 e dende entón colleitou numerables éxitos a nivel galego e estatal gañando diversos concursos nacionais de monologuistas nos anos 2015, 2016 e 2017 e chegando sempre ás finais de todos aqueles nos que se presentou

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER VÍDEO
MOSTRA



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Novidade

Imos poñernos serios

de Víctor Grande

MONÓLOGO

75'

ADULTOS

(A PARTIR DE 16 ANOS)

INTERIOR E EXTERIOR

Imos poñernos serios é un espectáculo no que Víctor Grande mestura monólogo de humor, canción satírica e improvisación teatral.

Os seus problemas na mediana idade, diferenzas de vivir nunha gran cidade e na aldea, o durísima que foi a súa primeira comunión, cancións de humor guitarra en man e impro baseada en frases do público escollidas ó chou para botar unhas boas risas.

Víctor Grande é cómico, improvisador, guionista de televisión (Malicia Noticias, Atrápame se podes, Quen anda aí, Vin polo vento...), colaborador con Radio Coruña Cadena SER e codirector da Escola de Impro, a primeira escola de teatro de improvisación de Galicia.

Leva nos escenarios dende o 2001 cos seus espectáculos de stand-up e cancións satíricas con máis de 2000 actuacións dende entón.

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER VÍDEO
MOSTRA



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Novidade

Restos de Stock - impro musical

de Restos de stock

(Tito Rober e Víctor Grande)

TEATRO DE
IMPROVISACIÓN

80'

ADULTOS

(A PARTIR DE 16 ANOS)

INTERIOR E EXTERIOR

Restos de Stock é un espectáculo de improvisación teatral e musical no que os improvisadores Tito Rober e Víctor Grande únense para ofrecer un show diferente en cada ocasión. Baseándose nas suxerencias do público crean sketches e cancións improvisadas ó momento, algo que fai que a conexión co público sexa total e que cada espectáculo cambie en función do que os espectadores digan.

Axudados dunha guitarra, bases musicais e as premisas do público improvisarán cancións e situacións durante hora e media cunha única verdade: o que ocorre en cada Restos de Stock é algo único e irrepetible

Restos de stock é unha nova compañía formada polos cómicos e improvisadores Tito Rober e Víctor Grande, ambos con longas traxectorias en solitario. Xúntanse para experimentar coa improvisación musical e dun primer espectáculo nace Restos de Stock, un show imposible que cambia cada vez que se realiza.

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER VÍDEO
MOSTRA



www.mocmoc.es
666911190 - 626195552
info@mocmoc.es

Novidade

A cinecleta do Señor Lili - cine ambulante de Señor Lili

CINE AMBULANTE

60'

TÓDOLOS PÚBLICOS

INTERIOR E EXTERIOR

Proxecto sostible de recuperación e exhibición de películas domesticas en formato 8mm e super8, filmadas por afeccionados e cineastas amateurs galegos no século pasado, as películas son proxectadas desde unha antiga bicicleta de repartición de leite, a bicicleta pedalea a través do túnel do tempo para que sexamos testemuñas dos cambios producidos no país e nas nosas vidas.

Proxección que alterna narración descriptiva das imaxes con músicas mesturadas e banda sonora.

WEB
PRÓXIMA
MENTE

VER
VÍDEO



MÚSICA



Chekan latin rock

de Chekan

MÚSICA
LATIN ROCK
70' a 90'

TÓDOLOS PÚBLICOS
INTERIOR E EXTERIOR

Chekan é un grupo de rock latino dos anos 70: Malo, Sapo, Chango, Azteca, Chicano, Black Sugar e Santana

Temas moi intensos, ruidosos e bailongos para desfogar e desfrutar

Con moito solo, moito tambor, rock por aquí, latin por aló e ás veces un tipo que canta teremos unha xornada chea de festa e bo ambiente.

Chekan é un grupo fundado no ano 2018. Está composto por músicos con ampla traxectoria e estilos musicais moi diversos coma o rock, progresivo, latin, jazz... Os cales veñen doutras formacións coma Great Straits, Duplosón, etc. Dende entón actuaron en diferentes salas ou festivais tales como: sala Garufa, Mardigrass, Jager, Ruido, festas de Maria Pita, Magosto de Balboa ou no festival Millo Verde.

+INFO
WEB

CANLE DE
YOUTUBE



"Un día sen rir é un día perdido" (Charles Chaplin)



Moc Moc Espectáculos e Animación é unha distribuidora e productora fundada por David Merelas no ano 2018.

Dispoñemos de máis de 30 espectáculos a cargo de máis de 15 compañías de diferentes ramas escénicas:

Circo, clown, **contacontos**, pasarrúas, *maxia*, Lume, BREAKDANCE, *música infantil e familiar*, galas e festivais de artes escénicas, **monólogos**, **CABALGATAS...**

Espectáculos temáticos: medioambiente, igualdade, deporte, obradoiros científicos...

Público infantil, familiar ou adulto.

EN RÚA, TEATROS E AUDITORIOS, BIBLIOTECAS, ESCOLAS, ASOCIACIÓNS, EVENTOS PRIVADOS...

Estamos dentro das redes subvencionadas:

Rede Cultural da Deputación da Coruña, AGADIC (RGTA, Cultura no Camiño), Ler Conta Moito, REAOU, Pontegal...

Toda a info en:

www.mocmoc.es

666 911 190

info@mocmoc.es



www.mocmoc.es